

## A ELUSIÓN FISCAL RELACIONADA CO TURISMO DIXITAL ESTÁ LASTRANDO A NOSA ECONOMÍA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores denuncia a elusión fiscal relacionada co turismo dixital, que está a laminar a nosa economía ata extremos insoportables, sen que ninguén a deteña. Desta forma, a actividade das plataformas dixitais e a de moitos hoteis e restaurantes está a producir que case 3.000 millóns de euros acaben no estranxeiro.

Segundo Exceltur, o impacto do Turismo en España superará o 7% do PIB en 2023, alcanzando niveis prepandemia. Con todo, estas boas perspectivas deben ser analizadas con cautela, posto que as novas tecnoloxías dixitais están a desviar os beneficios que xera este importantísimo sector.

Neste sentido, UGT resalta que, segundo os últimos datos de comercio electrónico publicados pola CNMC, unha gran parte das transaccións económicas relacionadas con esta actividade acaban fóra das nosas fronteiras. De feito, as operacións efectuadas en sitios web estranxeiros alcanzan o 42% do gasto. Dito doutro xeito, 4 de cada 10 euros do turismo español en liña finaliza no estranxeiro.

En función destas cifras, poderíase concluir que os españois gastamos moito máis no turismo extramuros que o que deixan aquí os visitantes (case 2.000 millóns máis), algo que non tería ningunha lóxica debido a que o número de turistas que visitou España foi de

**Transacciones comerciales del Sector Turístico en los tres primeros trimestres de 2022, segmentados geográficamente (CNMC)**

Volumen acumulado (€)			Porcentaje		
Comercio Interno	Desde el exterior a España	Desde España al exterior	Comercio Interno	Desde el exterior a España	Desde España al exterior
4.602.014.119	4.867.238.425	6.783.151.396	28,3%	29,9%	41,7%

**Transacciones comerciales del Sector Turístico por actividades, segmentadas geográficamente (1T-3T2022)**

	Volumen acumulado (€)			Porcentaje		
	Comercio Interno	Desde el exterior a España	Desde España al exterior	Comercio Interno	Desde el exterior a España	Desde España al exterior
Agencias de viajes y operadores turísticos	1.226.198.261	2.627.255.887	1.081.589.474	24,8%	53,2%	21,9%
Alquiler de automóviles	130.650.124	415.874.758	124.580.340	19,5%	62,0%	18,6%
Bibliotecas, museos y patrimonio cultural	29.067.663	29.751.780	66.237.533	23,2%	23,8%	53,0%
Espectáculos artísticos, deportivos y recreativos	938.280.637	260.821.616	527.612.306	54,3%	15,1%	30,6%
Hoteles y alojamientos similares	389.521.591	710.664.192	1.336.712.704	16,0%	29,2%	54,9%
Parques de atracciones y parques temáticos	40.899.475	25.363.180	15.428.128	50,1%	31,0%	18,9%
Restaurantes	216.758.792	61.701.470	1.256.771.443	14,1%	4,0%	81,9%
Transporte aéreo	770.212.374	562.615.626	1.782.136.285	24,7%	18,1%	57,2%
Transporte marítimo	124.138.943	41.833.318	52.827.991	56,7%	19,1%	24,1%
Transporte terrestre de viajeros	736.286.258	131.356.599	539.255.191	52,3%	9,3%	38,3%

71,6 millóns fronte aos 22 millóns de cidadáns españois que viaxa ao estranxeiro. Por tanto, a explicación reside no lugar onde computan as transaccións comerciais; e en demasiadas ocasións, aínda que se efectúen en

España, o diñeiro acaba fóra do noso país.

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

## Os datos, letais contra a nosa economía

Cando se desagregan estas operacións por cada unha das áreas relacionadas co turismo descóbreanse datos como que o 82% do consumo en restaurantes vaixe fóra do noso país (por un 4% que provén do estranxeiro e un 14% que se gasta aquí e paga impostos aquí – comercio interno-). A razón é que, cando realizamos un encargo de comida en liña, esa operación acaba constando fóra das nosas fronteiras, posto que as plataformas dixitais de repartición que intermedian teñen as

súas residencias fiscais fóra de España.

Outro tanto pasa coa actividade de 'Hoteis e aloxamentos similares'. Ata un 55% do gasto nestes establecementos acaba fóra do noso país, posto que a residencia da maioría de webs/app onde se efectúan estas reservas están en paraísos fiscais.

A suma destas dúas actividades (restauración e aloxamentos) alcanza os 2.600 millóns de euros que foxen ao estranxeiro.

As argucias legais e fiscais que aplican estas plataformas dixitais conseguen deslocalizar a tributación, colocando os seus beneficios en paraísos fiscais. Esta indigna operativa di-

minución gravemente a nosa balanza comercial e supón un insolidario ataque ao noso sistema do benestar. Non se pode seguir consentindo este modelo de dixitalización extractiva, que empobrece á cidadanía e ás persoas traballadoras e que outorga unha inxusta vantaxe competitiva en comparación con aquelas empresas que abonan os seus impostos aquí.

Por iso, UGT esixe á OCDE e aos 137 países asinantes do Pilar I do Proxecto sobre Erosión da Base Imponible e Traslado de Beneficios (BEPS- outubro 2021) a poñelo en marcha de inmediato, sen máis dilación e escusas, facilitando así que o consumo realizado en España quede no noso país para todos os efectos.

## ÁBRESE UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS NO ENSINO CONCERTADO ANTE A FALTA DE COMPROMISO DA XUNTA

*O día 25 está convocada unha concentración fronte á Consellería de Educación*

**Redacción.-** UGT, CCOO e CIG convocan aos delegados e delegadas do ensino concertado a unha concentración que terá lugar o día 25 de abril diante da Consellería de Educación en Santiago de Compostela esixindo que a Administración cumpra o seu compromiso da última Mesa Tripartita celebrada o 16 de decembro de 2022 de sentarse a negociar un Acordo de Mantemento de Emprego (AME) eficaz, que non fixo.

Así, o 25 de abril, os tres sindicatos convocan aos seus delegados/as á concentración co obxectivo de recordarlle unha vez máis as propostas que mellorarían os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras da concertada e que xa se achegaron en xuño de 2022. Nesas propostas recóllense medidas efectivas para resolver o problema da estabilidade laboral no sector (AME). Sen incrementar o orzamento educativo, pódese abordar a redución das rateos alumno/unidade no ensino. Esa medida permitiría ademais mellorar a atención ao alumnado, maior cohesión, favorecería a inclusión e o traballo colaborativo, etc. das que a nosa educación anda necesitada. Outras medidas que propomos (e que xa se aplican noutras Comunidades) como a reposición da xubilación parcial, o incremento da dotación horaria aos centros que recolocan, a obrigatoriedade das patronais de acudir á bolsa de contratación, a redución da xornada lectiva, contribuirán sen dúbida a mellorar a calidade do ensino e a resolver o problema do persoal traballador



e das empresas.

A administración comprometérase daquela a facilitar aos sindicatos unha nova proposta de estabilidade laboral que incluíse avances, neste primeiro trimestre de 2023, e esta nunca chegou. Cabe resaltar, ademais, que de todas as CCAA, a galega é das poucas que non incorpora ningún dos acordos que si se dan, en maior ou menor medida, no resto.

A situación das persoas traballadoras do Ensino Concertado en Galicia, comparada coas do resto do Estado, é inaceptable e sitúaos no vagón de cola. Non se pode seguir impasibles e indiferentes vendo como no resto das Comunidades se progresa nos acordos de

mantemento de emprego, na xubilación parcial, na paga de antigüidade, equiparación salarial, redución da xornada lectiva, pagamento de coordinacións e xefaturas de departamento, incremento partidas orzamentarias en módulos, redución progresiva da xornada lectiva a maiores de 55 anos..., mentres en Galicia se retrocede en dereitos, ignóranse as chamadas á negociación e á reposición dos dereitos suprimidos.

Se non se aceptan estas propostas a situación pode ser dramática para moitos traballadores/as, polo que se non lle damos remedio, neste curso e nos vindeiros assistiremos ao peche de unidades e perda de postos de traballo. Por iso chamamos á mobilización e á participación na concentración do martes 25 de abril.



## FOLGA EN XUSTIZA ESTE LUNS PARA ESIXIR UNHA SUBIDA SALARIAL DE TODOS OS FUNCIONARIOS E CONCENTRACIÓNS FRONTE ÁS SEDES XUDICIAIS

**Redacción.-** Uns 45.000 traballadores e traballadoras da Xustiza en toda España, dos corpos xerais e especiais, están chamados á folga para esixir unha subida salarial xusta en liña coa aprobada para os letrados e a paralización da LOEO que impón novas condicións laborais sen previa negociación.

As mobilizacións arrancarán o día 17 UGT, xunto con CCOO, CSIF e STAJ, con-

vocan unha primeira xornada de folga con paros parciais de 10 a 13 horas, que se repetirán todos os días. Ás 11.00 horas están previstas concentracións diante das sedes xudiciais na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Xa o día 19 está convocada unha xornada completa de folga e unha manifestación en Madrid.

A convocatoria destas mobilizacións prodúcese tras constatar a nula vontade

do Ministerio de Xustiza de presentar unha oferta de subida salarial aos 45.000 funcionarios en recoñecemento das funcións que realizan a diario nos xulgados. Hai que lembrar que o propio Ministerio recoñeceu que calquera modificación a alza das retribucións dun corpo, como sucedeu no caso dos letrados, ten repercusións no resto das carreiras, corpos, categorías... Deste xeito, debe producirse unha subida nas contías que recibe o resto do persoal.

## OS EX TRABALLADORES DE ALÚ IBÉRICA RECLAMAN FRONTE Á SEDE DA XUNTA NA CORUÑA SOLUCIÓNS XA Á SÚA SITUACIÓN

**Redacción.-** Este mércores os ex traballadores da factoría de Alu Ibérica na Coruña manifestáronse fronte á delegación da Xunta na Coruña en demanda de solucións á situación que están a vivir.

Un ano despois de ser despedidos aínda non cobraron nada das súas indemnizacións e en seis ou sete meses agotarán as prestacións por desemprego. Son coñecedores pola prensa de conversas entre Resonac e Ignis coa administración concursal para facerse coas instalacións de A Grella pero a eles ninguén lles explica nada.

Hai un ano constituíuse un grupo de traballo entre o Ministerio, Xunta e representación dos traballadores para buscar solucións e inversores e a día



de hoxe non se sabe nada dese grupo.

O membro do antigo comité, Juan Ramón Paseiro, de UGT, considera que o proxecto industrial presentado por Resonac e Ignis ante o administrador concursal é "un bluf" e supón "aprovei-

tar a acción de rapiña". Engadiu que "preocúpanos que a oferta non se comente cos despedidos. Fainos sospeitar que aproveitan a situación concursal para facerse co proxecto a moi baixo coste e deixarnos outra vez fóra dun proxecto industrial se se leva a cabo".

## A FUNDACIÓN LUÍS TILVE ORGANIZA UN ACTO DE DEBATE SOBRE O PAPEL DA MULLER NA II REPÚBLICA

**Redacción.-** Onte, no salón de actos do Edificio administrativo da Xunta en Pontevedra, a Fundación Luís Tilve organizou un acto no que se debatiu sobre o papel da muller na II República e sobre a figura de Hildegart Carballeira.

Intervíñeron Ana Romero Masiá, catedrática de Historia pola USC e membro da RAG; Francisco Xavier Redondo, historiador e bibliotecario da USC; e moderou Guillermo Pérez, director do arquivo da Fundación Luís Tilve.

Un coloquio no que se abordou o papel dunha xeración única e excepcional de mulleres libres e revolucionarias que viron truncados os seus soños pola Ditadura, a in-

comprensión e a intolerancia e no que tamén se presentou a obra 'Hildegart na prensa socialista. Artigos de Hildegart en El Socialista e Renovación', con introdución, compilación e notas a cargo de Francisco Xavier Redondo e Eliseo Fernández.

Hoxe tamén está previsto que a Fundación Luís Tilve e o PSOE de Pontevedra pechen os actos conmemorativos da II República cunha ofrenda floral ante a tomba do líder obreiro e socialista Francisco Tilve



Rodríguez.

Con esta homenaxe preténdese recoñecer o legado que nos deixou unha das principais figuras do socialismo pontevedrés a través da súa loita a prol dos valores democráticos e os dereitos laborais.

## O ACORDO DE PENSÍONS É PIONEIRO A NIVEL INTERNACIONAL

**Redacción.-** A secretaria de política institucional e políticas territoriais de UGT, Cristina Estévez, explicou que durante as próximas semanas e meses o Sindicato vai levar a cabo xornadas informativas sobre o acordo de pensións por todo o país e todas as comunidades autónomas, "porque é importante explicar este acordo. Os delegados e delegadas deben coñecer de primeira man como foi e en que se basea, para poder trasladalo nos centros de traballo". Estévez asegurou que foi "froito do diálogo social, e foi grazas a que contamos cun Goberno progresista que se tivo en conta aos interlocutores sociais. Somos os que estamos máis preto dos traballadores e traballadoras".

A secretaria de política institucional e políticas territoriais destacou a importancia da mesa de diálogo social de pensións "non só a nivel nacional, se non tamén internacional. Convertémosnos nun referente, e o

acordo xa é referencia para toda Europa. Non somos referente, senón que nesta ocasión somos pioneiros, e moitos países sumaranse ao noso modelo. O sistema público de pensións dará lugar a que os novos pensionistas teñan pensións máis fortes e acábese o mantra de que os mozos non terán pensións". Cristina Estévez asegurou, ademais, que as próximas xeracións terán pensións tan boas e robustas como as actuais, e todo iso tendo en conta a sustentabilidade do sistema.

### Debemos desmentir os bulos

Cristina Estévez fixo referencia ás declaracións que, nas últimas semanas, chegaron por parte da patronal. Para a secretaria de política institucional e políticas territoriais, "non é certo que se incrementen os custos para as empresas. Aínda que digan que este acordo é un despropósito para

os custos laborais, non é así. Na actualidade, o custo do prezo/hora en España é de 23,4 euros. En 2050, con todos os ingresos que se puxeron en marcha, será de 23,80 €. É dicir, o incremento do custo será de 37 céntimos. Se unha empresa non pode asumir iso é que non é viable".

Estévez criticou que a patronal non asinase o acordo unicamente "porque cando teñen que asumir algún custo xa non lles gusta. O primeiro paquete asinárono porque os ingresos procedían do Estado. Ademais, alertou da necesidade de que a cidadanía entenda este acordo, porque "sabemos e xa o dixeron, que certos partidos queren derrogar esta reforma se conseguen chegar ao poder. O PP e VOX manifestaron a súa posición, e é a de recortar as pensións. É importante telo en conta nas próximas eleccións, porque se non o esforzo levado a cabo no diálogo social non terá valor".

## UGT REIVINDICA RECUPERAR A ATENCIÓN PRIMARIA, BASE DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores subliña a importancia de defender a Atención Primaria debido a que é a porta de entrada ao Sistema Nacional de Saúde, a súa base, o seu eixo fundamental, e resolve entre o 80 e o 90% dos problemas de saúde.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, a Atención Primaria "é un enfoque da saúde que inclúe a toda a sociedade e que ten por obxecto garantir o maior nivel posible de saúde e benestar e a súa distribución equitativa mediante a atención centrada nas necesidades da xente tan pronto como sexa posible ao longo do proceso continuo que vai desde a promoción da saúde e a prevención de enfermidades ata o tratamento, a rehabilitación e os cuidados paliativos, e tan próximo como sexa posible da contorna cotiá das persoas".

Por iso, o sindicato incide en que é necesario aumentar a súa capacidade, dotala de máis recursos económicos e humanos, reforzala e impulsala de novo.

A fortaleza da Atención Primaria baséase no coñecemento do paciente ao longo do tempo, e mal pódese garantir continuidade se nin sequera dásele a atención presencial, cando a necesita.

Poñer trabas á relación cara a cara entre profesional e paciente atenta contra a deontoloxía profesional e contra o dereito á atención personalizada deshumaniando a relación entre médico e paciente.

Ademais, non se pode suplir a asistencia presencial por consultas telefónicas, telemedicina, correo electrónico, etc..., posto que isto terá consecuencias nefastas para a poboación máis pobre, de máis idade e a máis necesitada, que é, á súa vez, a menos dixitalizada.

### A debilidade da Atención Primaria aumenta a inequidade

UGT defende un Sistema Sanitario universal e cohesionado, gratuíto no acceso de todas as prestacións e de calidade, que coide e promocioe a sa-



úde das persoas ao longo de toda a vida en todas as súas esferas.

Neste sentido, o sindicato reivindica, entre outras cousas, incrementar o orzamento de Atención Primaria ata o 25% do orzamento sanitario; aumentar os persoais; garantir a accesibilidade mediante consultas preferentemente presenciais; incorporar novas titulacións profesionais; reforzar as áreas de administración dos centros; favorecer a comunicación entre niveis mediante procesos asistenciais; dar á Atención primaria acceso a máis probas diagnósticas; reforzar a participación cidadá e potenciar as actividades formativas e de investigación.

## OS SALARIOS SEGUEN PERDENDO E AS EMPRESAS GAÑANDO

**Redacción.-** Os datos de IPC do mes de marzo, publicados hoxe polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,3%, 2,7 puntos menos que en febreiro, como consecuencia do desconto que se produce na actualidade do intenso encarecemento da enerxía causado pola invasión rusa de Ucraína hai un ano. Así, os produtos enerxéticos rexistran un abaratamento anual dos seus prezos do 25,5%, destacando especialmente a baixada na electricidade (-51,8%). En consecuencia, o chamado efecto base provocará unha relaxación das taxas interanuais durante os próximos meses.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural e non ten en conta os produtos enerxéticos e os alimentos sen elaborar, segue alcanzando niveis elevados, pois apenas diminúe un décimo respecto ao mes anterior, rexistrando unha variación anual do 7,5%. Isto reflicte o mantemento das presións inflacionistas en boa parte da cesta da compra. Neste sentido, cabe sinalar o encarecemento anual dalgúns produtos básicos como o azucre (50,4%), o aceite de oliva (32,1%), o leite (30,4%) ou os legumes e hortalizas frescas (27,8%).

Ademais, o panorama económico internacional segue sendo extremadamente incerto e volátil, pois á persistencia da guerra en Ucraína súmanselle as tensións financeiras rexistradas nas últimas sema-

nas. A resposta do BCE, que elevou recentemente os tipos de interese en 50 puntos básicos —alcanzando o valor máis alto desde outubro de 2008, o 3,5%—, lonxe de inxectar sinais de confianza no sistema financeiro europeo, agrava a incerteza e a probabilidade dunha recesión económica en Europa.

Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, este contexto mostra a necesidade de recuperar e protexer a capacidade de compra dos fogares españois, que segue devaluándose neste 2023. Durante o primeiro trimestre do ano apenas se rexistra unha subida salarial en convenio do 3,1%, o que se sitúa 2 puntos por baixo da inflación media anual (5,1%), e que se engade á perda constatada en 2022, de 5,2 puntos porcentuais. En conxunto, os salarios están a se reducir en termos reais 7,2 puntos porcentuais en tan só dous anos.

Por iso, é imprescindible axustar as rendas salariais ao custo actual da vida para soste e fortalecer a actividade económica e a creación de emprego no noso país, ademais de frear o proceso de empobrecemento da clase traballadora.

O sindicato non entende a irresponsable postura das organizacións empresariais, que non achegaron ningunha pro-



posta na mesa de diálogo para explorar as posibilidades de formar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC). Por mor do bloqueo mantido pola patronal, as empresas seguen aproveitándose do escenario inflacionista actual para elevar a súa rendibilidade e as súas marxes en detrimento do interese xeral de todos e todas.

UGT reclama a necesidade de alcanzar canto antes un novo AENC en 2023, que ofrezca estabilidade e certeza nos próximos anos e permita reverter o proceso de desvalorización salarial que están a sufrir o conxunto dos traballadores e traballadoras. A intransixente actitude da patronal impide alcanzar un acordo xusto que reparta os custos da crise inflacionista e aboca ás empresas a unha conflictividade laboral crecente.

## OS ACCIDENTES LABORAIS ACABARON COA VIDA DE 114 PERSOAS (12 EN GALICIA) ENTRE XANEIRO E FEBREIRO

**Redacción.-** Segundo os datos estatísticos de avance facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, correspondentes ao mes de febreiro de 2023, producíronse 174.628 accidentes de traballo. Destes, 92.212 accidentes laborais causaron a baixa laboral do traballador (aumentando este dato nun 1,8%) e 82.416 non produciron incapacidade temporal (experimentando un aumento do 5,9%). 114 accidentes acabaron coa morte da persoa traballadora.

En febreiro de 2023 apréciase un lixeiro aumento dos accidentes con baixa do 1,8%, pola contra, os accidentes mortais descenden nun 16,2% ata os 114. A pesar deste descenso dos accidentes mortais, desde UGT consideramos que 114 mortes de persoas traballadoras en dous meses supoñen unha cifra elevadísima que confirma que á xestión da prevención de riscos laborais non se lle está dando a importancia que se merece.

Mención especial requiren as mortes por infartos e derrames cerebrais, que alcanzaron a 46, e que continúan sendo a primeira causa de morte no traballo. Desde UGT, volvemos insistir na posible relación destas mortes coa exposición a riscos psicosociais de orixe laboral. Os problemas de saúde mental entre a poboación traballadora non son atendidos desde a perspectiva da saúde laboral. Os riscos psicosociais son os peor xestionados nas empresas xa que en moitas ocasións nin se avalían, nin se aplican medidas preventivas para evitalos. Ademais, as patoloxías derivadas da exposición a este tipo de risco, por regra xeral, non se consideran como continxencias profesionais, polo que apenas se declaran.

Os sobreesforzos sobre o sistema musculoesquelético continúan sendo a primeira causa de baixa laboral por accidente de traballo, con 25.682 casos rexistrados durante dous meses. É momento de actuar e empezar a tomar medidas para abordar o enorme

problema que supoñen os trastornos musculoesqueléticos na saúde da poboación traballadora.

O cumprimento da normativa en materia preventiva por parte das empresas é máis formal que real, o que indica que non existe unha verdadeira cultura preventiva. No mes no que conmemoramos o Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, o próximo 28 de abril, seguimos lamentando as mortes e os accidentes de traballo, por tanto, debemos seguir traballando para alcanzar traballos dignos e libres de riscos laborais.

A seguridade e a saúde no traballo é un dereito fundamental que ten que ser real e efectivo, polo que, desde UGT instamos ao Goberno a iniciar as negociacións na mesa de diálogo social en materia de sinistralidade laboral que se anunciou na firma da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027, para acordar medidas urxentes que poñan fin a esta situación.